



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

A señora Liberata ten un grande sentimento
que lle morriu unha ovella e deixoulle un testamento.
A víspera de morrer que era no día anterior
dixo que quería ser repartida nos veciños de arredor.
Empezarei pola ama que era a que máis lle quería
deixareille unhos guedellos pra que faga unha toquilla.
E déixolle dito ó Ginio xa quil é un bo queixeiro
que me quite ben a piel e dela faga un pandeiro.
Unha zanca deixareilla á señora Palmira
pra que faga un guisado pra toda a súa familia.
E outra zanca deixareilla a Josefa, a nai da modista,
pois seica ao ter carne moi fresca parece que anda moi lista.
Outra perna deixareilla á señora Aurora
pra que o día da festa invite á familia toda.
E outra perna deixareilla á señora Remedios
pra que a ase no forno e que chupen os dedos.
E á señora Corona voulle deixar os menudos
para que o día do Entroido lla saque deses apuros.
E as tripas deixareillas a Lourdes a taberneira
pra que faga uns bos callos pra esa xente forasteira.